



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

Bases de catro choferes-operarios/choferesas-operarias do lixo para a Área de Medio Ambiente

Convocatoria para a contratación laboral temporal polo procedemento especial de urxencia, que se indica a continuación, segundo o Decreto da Presidencia de data 11 de maio de 2018:

1.- Número e denominación da praza: catro choferes-operarios/choferesas-operarias do lixo para a Área de Medio Ambiente.

2.- Tipo de contrato: duración determinada.

3.- Duración do contrato: como máximo tres meses.

4.- Sistema de selección: o procedemento selectivo será sempre o concurso, aplicándose, para estes efectos, o baremo establecido no artigo 6.1 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense (BOP 1 de agosto de 2014).

5.- Perfil requirido para a contratación: graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente e o permiso de circulación clase "C+E" e estar en posesión do curso de aptitude profesional (CAP), no caso de que lle corresponda ter o devandito curso por o número do carné de conducir.

6.- Prazo e lugar para a presentación de instancias: 5 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro Xeral da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Neste último caso, rógase que se envíe unha copia da instancia ao número de fax (988 317502), á espera de recibir o orixinal por correo ordinario. Os interesados deberán presentar o modelo de instancia que se acompaña (anexo I), e achegarse a titulación e o permiso de circulación, así como o currículo profesional que xustifique que dispoñen da debida cualificación para o desenvolvemento das tarefas obxecto do contrato, ademais dos méritos que estimen oportuno alegar.

Non será necesario achegar a documentación acreditativa dos requisitos e dos méritos, cando se trate de documentación que xa obre en poder da Deputación Provincial ou se trate de documentos emitidos por outras administracións públicas. Nestes casos, a Deputación obterá estes documentos por medios electrónicos, a través das plataformas de intermediación de datos coas administracións competentes ou mediante outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, sempre que non conste a oposición expresa do interesado. Para estes efectos, teñen a consideración de documentos elaborados por outras administracións públicas, os seguintes:

- a) Titulacións académicas.
- b) Certificacións de cursos de formación promovidos por administracións diferentes á Deputación.
- c) Certificación de servizos prestados noutras administracións públicas.

De conformidade co establecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPAC), presumírase que os solicitantes autorizan á Deputación de Ourense para que esta consulte ou obteña os documentos elaborados

por outras administracións públicas a que se refiren os apartados anteriores, agás que manifesten expresamente o contrario nas súas solicitudes. Neste caso, os interesados deberán achegar unha copia auténtica dos documentos correspondentes.

No caso de que o interesado pretenda achegar documentos xa entregados ante outras administracións públicas, deberá indicar na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, para os efectos de que a Deputación poida obtelos mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Presumírase que esta consulta é autorizada polo interesado, agás que conste no procedemento a súa oposición expresa, suposto no que a documentación deberá ser achegada polo interesado.

Excepcionalmente, se a Deputación non puidese obter os documentos conforme ao previsto nos apartados anteriores, poderá solicitarlle ao interesado a súa achega, outorgándolle un prazo de quince días naturais.

En todo caso, os datos e documentos obtidos utilizaranse exclusivamente para as finalidades deste procedemento selectivo. Os interesados poderán exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento deste datos, conforme ao establecido na lexislación de protección de datos.

7.- Órgano de selección: a selección da persoa contratada realizarase por un tribunal que está constituído por:

- Presidente: don Manuel Valentín Pérez Nieto (adxunto ao xefe do Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior).

- Vogais: don Miguel Reza Paz (xefe da Sección de Residuos e Enerxía), don Luis Salgado Vázquez (xefe do Negociado de Servizos Intermunicipais) e dona María Rosario Fernández Gómez (auxiliar de oficina do Negociado de Procesos Selectivos).

- Secretaria: dona María Ángela Garrido Movilla (xefa do Negociado de Administración e Control).

8.- Proceso selectivo e baremo: Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal pasará a resolver sobre a admisibilidade a trámite das solicitudes e a valoración das admitidas, segundo o seguinte baremo e de conformidade co artigo 6.1 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense:

a) Polos servizos prestados na mesma ou análoga categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción (acreditárase, no caso de servizos prestados en administracións públicas, mediante unha certificación expedida pola administración correspondente, e para o resto de servizos prestados mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante orixinal ou copia cotexada dos contratos de traballo).

Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a prevista nas bases garde unha relación de identidade esencial.

O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados, expresado en días e dividíndoo por trinta, aplicándose ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas



ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.
- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.
- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

(Acreditarase mediante unha copia cotexada do diploma ou certificado do curso correspondente).

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias. Non se valorarán aqueles méritos que o tribunal considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Terminada a fase de valoración, o tribunal elevaralle a proposta á Presidencia da Deputación, que resolverá conforme á dita proposta, agás no suposto en que advirta que a referida

proposta incorre en vulneración da legalidade vixente, en cuxo caso devolveralle a proposta ao tribunal para a súa emenda no sentido que proceda.

9.- Recursos: Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso postestativo de reposición ante esta Presidencia, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

Ourense, 11 de maio de 2018. O presidente.

(Ver solicitude páx. 4)

BASES CHÓFERES LIXO DEPUTACION OURENSE

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE CATRO CHOFERES-OPERARIOS/CHOFERESAS-OPERARIAS DO LIXO PARA A ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

(Anexo I)

I.- Datos do solicitante:

Apelidos: _____

Nome: _____ DNI/NIE: _____

Enderezo: _____

Poboación: _____ Provincia: _____

Teléfono Móbil: _____ Teléfono: _____

Correo Electrónico: _____

II.- Solicita a súa inclusión para participar no proceso selectivo de catro choferes-operarios/choferesas-operarias do lixo para a Área de Medio Ambiente

III.- Documentación que achega:

- Titulación
- Permiso de circulación
- Méritos alegados

Si	☐	Autorizo á Deputación Provincial de Ourense para que consulte ou obteña documentos acreditativos dos méritos a través das plataformas de intermediación de datos coas administracións competentes ou mediante outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.
Non	☐	

_____, ____ de _____ de 20 ____.

Sinatura

Sr. presidente da Deputación Provincial de Ourense